

Raúl Dans

NGAHME

A Lola,
que me axuda sempre a cambio de nada.

I

Un campo de terra queimado polo sol. MOZO 1 e MOZO 2.

Mozo 1 ten un balón feito con trapos atados cunha corda.

MOZO 2- E ti que?

MOZO 1- Eu?

MOZO 2- Home, quen vai ser!

MOZO 1- Eu nada.

MOZO 2- Nada? E eu que pensaba que xa me contentaba con pouco. Pero seica sempre hai alguén que se contenta con menos, eh? Nada! Todos nós temos algo na cabeza, eu é o único que levo para alá, eu e a maioría dos que chegan a este campo: un soño, aínda que sexa pequeno. Pero nada? Se non mo queres dicir, estás no teu dereito.

MOZO 1- Quero xogar.

MOZO 2- Fútbol? Profesional?

MOZO 1- Si.

MOZO 2- Pois iso non é *nada* precisamente. Xogas ben?

MOZO 1- Claro.

MOZO 2- Como Messi?

MOZO 1- Ou Cristiano.

MOZO 2- Demóstrao.

Mozo 2ponse de pé. Pausa. Ao cabo, Mozo 1 pon o balón en xogo.

II

Mozo 1 e Mozo 2. Mozo 1 está deitado, co balón de almofada. Mozo 2 seca a suor da fronte co dorso da man e logo lámbea.

MOZO 1- Non deberías facer iso.

MOZO 2- *Xa. (Lambe ben a man.)* Pensei que xogarías mellor. Valo ter difícil.

MOZO 1- Tamén eu conténtome con menos.

MOZO 2- O caso é saír de aquí, eh? *(Despois dunha pausa.)* Mira.

Mozo 2 saca unha folla de papel arrancada dunha revista e amósalla a Mozo 1.

MOZO 2- Viches?

MOZO 1- *(Mirando a folla.)* Está ben.

MOZO 2- Está ben? Está ben? É 3D, HD, mide así polo menos. *(Abre os brazos, indicando o tamaño.)* E só por deixares que uns homes garden o teu ngahme.

Mozo 2 garda a folla no peto. Seca a suor do peito e lambe a man.

III

Mozo 1 e Mozo 2 xogan co balón.

MOZO 2- Ves aqueles dous?

MOZO 1- Que?

MOZO 2- Detrás de min, aqueles dous. Mira con disimulo.

MOZO 1- Que lles pasa?

MOZO 2- Con disimulo. Están mirando?

MOZO 1- Si.

MOZO 2- Antes preguntáronme se tiña ngahme para embarcar.

MOZO 1- E que lles dixeches?

MOZO 2- Que non, que lles ía dicir? Se tivese, mentiría, pero é que non teño. Querían saber que raio facía entón no campo, se non tiña ngahme para embarcar.

MOZO 1- E que fas no campo?

MOZO 2- Aquí estou igual que onde estaba, só que algo máis preto da saída. Entendes?

MOZO 1- Entendo.

MOZO 2- Preguntáronme se ti tiñas ngahme. Díxenlles que non sabía.

MOZO 1- Paramos.

MOZO 2- O balón é teu.

Mozo 1 colle o balón. Mozo 2 anícase.

MOZO 1- Saen sempre á mesma hora?

MOZO 2- Sempre.

MOZO 1- Levas moito tempo no campo?

MOZO 2- Abondo para saber que o bote nunca se atrasa. Merda, morro coa sede.

MOZO 1- Que teñas sorte.

MOZO 2- Ten coidado. Aqueles dous. Non me gustan.

MOZO 1- Grazas.

MOZO 2- Adeus. E sorte, Messi.

Mozo 1 sae.

IV

Mozo 1 está sentado, co balón entre as pernas. Achéganse Mozo 3 e Mozo 4.

MOZO 3- Que tal?

MOZO 1- Ola.

MOZO 4- Ao meu amigo e a min apetecíanos dar unhas patadas.

MOZO 3- Ao balón.

MOZO 4- Si, claro. Ao balón.

Mozo 1 míraos un intre, logo pásalles o balón. Saen Mozo 3 e Mozo 4. Mozo 1 obsérvaos mentres xogan. Ao cabo, o balón roda até os pés de Mozo 1. Entran de novo Mozo 3 e Mozo 4.

MOZO 3- Cando chegaches?

MOZO 1- Onte.

MOZO 3- Nós tamén.

MOZO 4- Marchas no de mañá?

MOZO 3- Iso a ti que che importa? (*A Home 1.*) Tes que ter coidado, por aquí hai xente capaz de matar por algo de ngahme. Se é ngahme abondo para embarcar cara á terra prometida, xa nin che digo.

MOZO 1- Grazas.

MOZO 3- Os amigos están para iso.

MOZO 4- (*A Home 3, por Home 1, despois de observalo un intre con atención.*) Este ten toda a cara de ter ngahme abondo para embarcar.

MOZO 3- E dálle.

MOZO 4- Non chegan moi boas noticias de alá ultimamente. Estás seguro de marchares?

MOZO 3- Niso ten razón aquí este. As noticias non son boas. Pero sempre será mellor alá que aquí, ou non? Se che dan un televisor 3D, HD e así de grande só por deixares que uns garden o teu ngahme... E por riba o teu ngahme está seguro.

MOZO 4- Totalmente seguro.

MOZO 3- Todo son vantaxes. Grazas polo balón, oíches?

MOZO 1- De nada.

Saen Home 3 e Home 4. Pausa longa. Un ruído ás costas de Home 1. Home 1 volve a cabeza. Silencio. O día esmorece. Séntese unha ladaíña ao lonxe.

V

Noite. Mozo 2 dorme no chan. Aparece entre as sombras Mozo 1, co balón debaixo do brazo.

MOZO 2- (*Espertando, sobresaltado.*) Ah, es ti.

MOZO 1- Vai ao peirao mañá á mañá.

MOZO 2- Es de verdade ou estou soñando?

MOZO 1- Non estás soñando. Oíches o que che dixen?

MOZO 2- Que vaia ao peirao mañá á mañá. Para que?

MOZO 1- Ti vai.

MOZO 2- Como queiras.

MOZO 1- Leva o balón.

Mozo 1 bótalle o balón a Mozo 2.

MOZO 2- Vémonos no peirao?

Mozo 1 desaparece entre as sombras da noite.

VI

Mozo 2 agarda, impaciente, co balón nas mans. Entran MOZO 3 e MOZO 4.

MOZO 3- Que fas ti aquí? Marchas ou que?

MOZO 4- Ese non é o balón do teu amigo?

MOZO 3- Quitáchesllo? Quitácheslle o balón ao teu amigo?

MOZO 2- *(Recúa, asustado.)* Non, deumo el.

MOZO 4- E cando cho deu se o tiña nas mans cando lle fenderon a testa?

MOZO 2- *(Con sorpresa.)* Que?

MOZO 3- Que dás noxo.

MOZO 4- Que noxo dás! Quitarlle o balón a un morto.

MOZO 3- Mátano e ti vas e quítaslle o balón.

MOZO 4- Non erades amigos? Eh?

MOZO 3- E por riba fuches ti quen espallou polo campo que tiña ngahme abondo para parar un carro e que hoxe ía embarcar.

MOZO 2- Eu non fixen iso.

MOZO 4- Fixeches, fixeches.

MOZO 3- Case foi como se o matases ti.

MOZO 4- A ver se é que o mataches ti.

Entra o PATRÓN. O Patrón leva un machete no cinto.

PATRÓN- Deixen o peirao libre, cabaleiros! Esta zona está restrinxida aos que teñen pasaxe directa cara á terra prometida. *(A Home 3 e Home 4.)* Ti e ti, tedes ngahme?

MOZO 3- Ímolo ter.

MOZO 4- Vai ver como si.

PATRÓN- Arreando!

Saen Mozo 3 e Mozo 4.

PATRÓN- *(A Mozo 2.)* E ti que? Outra vez aquí?

MOZO 2- Isto é verdade, patrón?

Mozo 2 saca a folla de papel do peto e amósalla.

PATRÓN- É verdade.

MOZO 2- As noticias de alá non son boas ultimamente.

PATRÓN- (*Devólvelle a folla.*) Non me digas? En serio? E son boas as noticias que chegan da túa aldea?

MOZO 2- Non.

PATRÓN- Por que pensas que marcha toda esta xente? Por que ninguén fai o camiño inverso, de alá para aquí? E que fai un se alguén lle regala un televisor último modelo a cambio de nada?

MOZO 2- A cambio de nada?

PATRÓN- A cambio de nada.

MOZO 2- Collelo.

PATRÓN- Serías parvo se non.

MOZO 2- Non sei.

PATRÓN- Alá saben facer as cousas, creme, non é como aquí. Pero menos lería e máis ngahme. O ngahme é o que move o mundo. E o meu bote. Ngahme, money, argent, geld... Cartos! Tes ou non tes?

Mozo 2 estende os brazos, co balón feito de trapos nas mans. Pausa. O Patrón desenfunda o machete e corta a corda do balón. Furga coa punta do machete nos trapos, até que descobre algo entre eles. Mete a man e saca un rolo de billetes.

MOZO 2- É abondo?

PATRÓN- Chega para a pasaxe. (*Achegándolle o machete á gorxa, ameazante.*) E lembra isto se queres chegar a algo no lugar ao que vas: Nunca é abondo. Nunca! (*Faille un xesto co machete en dirección ao bote.*) Embarca! (*Mozo 2 obedece. O Patrón enfunda o machete no cinto e ponse a contar os billetes.*) Se é abondo, di. Miñaxoia! Así vos vai, carallo, así vos vai.

PANO